



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Deputación
DA CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



CLUSTER TIC
GALICIA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Número 43 Bis /2023

SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN, ASINADO O 1 DE DECEMBRO DE 2021, ENTRE O IGAPE, A DEPUTACIÓN DA CORUÑA, O CONCELLO DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O CLÚSTER TIC GALICIA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DIRECTOR E A CONSTITUCIÓN DA ESTRUTURA DE GOBERNANZA DA CIDADE DAS TIC

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2023

REUNIDOS

Don Francisco José Conde López, vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, na súa calidade de presidente do Instituto Galego de Promoción Económica, en adiante Xunta de Galicia/Igape.

Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en adiante Deputación.

Don Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, en representación da mesma, en adiante UDC.

Dona Inés Rey García, alcaldesa do Concello da Coruña, debidamente facultada para este acto, que actúa en representación da devandita entidade local, en adiante Concello.

E don Antonio Rodríguez del Corral, como presidente do Clúster TIC de Galicia, en adiante Clúster.

MANIFESTAN

I. Que o 1 de decembro de 2021 asinouse o Convenio de colaboración entre o Igape, a Deputación da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Clúster TIC Galicia para a elaboración do plan director e a constitución da estrutura de gobernanza da Cidade das TIC.

II. Que a cláusula undécima do referido convenio dispón:

*“Establécese como prazo de vixencia do convenio desde a data da súa sinatura ata a constitución da sociedade xestora da Cidade das TIC, co límite de doce meses.
Este convenio poderá ser prorrogado de mutuo acordo expreso de todas as partes, sendo a data límite o 30 de decembro de 2022.
Tamén poderá ser prorrogado conforme ás correspondentes addendas nas que se detallan as novas actuacións e orzamentos correspondentes relacionados co obxecto do convenio”.*

III. Que para a adecuada execución do convenio, todas as partes apreciaron a conveniencia de prorrogar a súa vixencia ata o 30 de abril de 2023 e asinaron a correspondente addenda.



IV. Que aínda están pendentes de levar a cabo diversas actuacións, entre outras:

- O redeseño e mellora da web da Cidade das TIC, con reactivación dos boletíns e da sección de novas.
- A campaña de divulgación dos obxectivos acadados polo convenio.
- O evento de presentación do Plan Estratégico.
- O ciclo de eventos para fomentar o networking arredor do ecosistema tecnolóxico científico-empresarial da Cidade das TIC.
- As xornadas de portas abertas para colectivos interesados nas actividades da Cidade das TIC.
- A decisión sobre as fórmulas societarias xa estudadas e a formalización da sociedade resultante.

V. Que, por todo iso, faise conveniente acordar unha nova prórroga ata o día 30 de outubro de 2023.

En consecuencia,

ACORDAN


Prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o Igape, a Deputación Provincial da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Clúster TIC Galicia para a elaboración do plan director e a constitución da estrutura de gobernanza da Cidade das TIC ata o día 30 de outubro de 2023. Esta prórroga non afecta ás actuacións programadas nin ao orzamento previsto.

Polo Igape



Francisco Conde López

Pola Deputación da Coruña



Valentín González Formoso

Pola Universidade da Coruña



Julio Ernesto Abalde Alonso

Polo Concello da Coruña



Inés Rey García

Polo Clúster TIC Galicia



Antonio Rodríguez del Corral

